

Unha chapuza alemá

Description

A “incapacidade” da policía alemá para desarticular unha célula neonazi puxo ao descuberto non só unha incompetencia que contrasta coa súa tan cacarexada eficiencia senón igualmente e sobre todo o nivel de xenofobia instalada en segmentos vitais do aparello público. Nin a policía, nin os servizos de intelixencia, nin a xustiza foron quen de poñer coto en máis dunha década a unha banda de racistas (formada por só tres persoas!) que chegaron a cometer 10 asasinatos (9 inmigrantes e un policía) e roubos a unha ducia de bancos. A pericia alemá ante o grupo neonazi *Clandestinidade Nacionalsocialista* brillou pola súa ausencia.

A “incapacidade” da policía alemá para desarticular unha célula neonazi puxo ao descuberto non só unha incompetencia que contrasta coa súa tan cacarexada eficiencia senón igualmente e sobre todo o nivel de xenofobia instalada en segmentos vitais do aparello público. Nin a policía, nin os servizos de intelixencia, nin a xustiza foron quen de poñer coto en máis dunha década a unha banda de racistas (formada por só tres persoas!) que chegaron a cometer 10 asasinatos (9 inmigrantes e un policía) e roubos a unha ducia de bancos. A pericia alemá ante o grupo neonazi *Clandestinidade Nacionalsocialista* brillou pola súa ausencia.

A clave que explica este enorme fracaso é o incomprendible desprezo da motivación racista ou política en sucesos criminais que poderían evidenciar esta conexión. Esta é unha das máis de corenta recomendacións formuladas por unha comisión parlamentaria que investigou o caso. As forzas de seguridade, di o informe, infravaloraron totalmente o perigo dunha extrema dereita disposta a exercer a violencia e a levar adiante un terrorismo de dereitas.

Para a policía, durante anos, eran tan só axustes de contas entre inmigrantes (oito de orixe turca e unha grega) produto de guerras mafiosas intestinas nas que tampouco se afondou. Atentados con bomba, todos os homicidios realizados coa mesma pistola non foron suficiente motivo para que a policía sospeitara da existencia dunha célula neonazi. Segundo revela o informe, a incompetencia foi de tal nivel que os axentes en cidades como Hamburgo ou Colonia chegaron a consultar a unha adiviña e ata unha *medium* de orixe iraniana en busca de pistas Que se saiba, non consultaron ao Kommissar Rex!

O informe parlamentario descarta que os integrantes da célula neonazi foran confidentes dos servizos de intelixencia alemáns, argumento explicable dun posible e deliberado encubrimento, e evita recoñecer a existencia dun “racismo institucional” instalado nas forzas de seguridade, causa estrutural que explicaría, unido á falta de coordinación entre os axentes de diferentes cidades, que o grupo actuara impunemente durante tantos anos.

A falta de coordinación da policía federal cos corpos dos *länder* e coa xustiza (que dificultaría que se relacionaran os feitos desenvolvidos en varias cidades do país) será abordada nunha reforma legal que debaterá o Bundestag nunha sesión monográfica o 2 de setembro próximo. Igualmente, a mellora do control parlamentario dos servizos de intelixencia figura na axenda.

Ridiculizado, Berlín tenta pasar páxina deste escandaloso episodio que alerta da persistencia de sensibilidades tenebrosas no seu aparello institucional. A xenofobia, en alza no país, permitiu a uns facer unha produtiva carreira delitiva ante a grotesca pasividade duns corpos de seguridade incapaces de recoñecer os móbiles xenófobos produto dunha estigmatización pexorativa da poboación inmigrante que ven de lonxe.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa

ETIQUETAS

Alemaña Neonazis Inmigrantes Bunestag

IDIOMA

Galego

Date Created

Agosto 26, 2013

Meta Fields

Autoria : 3717

Datapublicacion : 2013-08-26 00:00:00